DATOS IDENTIFICATIVOS

Afeccións médicas

Materia	Afeccións médicas			
Código	P05G170V01302			
Titulación	Grao en Fisioterapia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	2	1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Bioloxía funcional e ciencias da saúde			
Coordinador/a	Maceiras García, María Lourdes			
Profesorado	Maceiras García, María Lourdes			
Correo-e	lurdesmg@uvigo.es			
Web	http://mpsp.webs.uvigo.es			
Descrición xeral				

Competencias

Código	
B1	Coñecer e comprender a morfoloxía, a fisioloxía, a patoloxía e a conduta das persoas, tanto sas coma enfermas, no medio natural e social.
B5	Valorar o estado funcional do paciente, considerando os aspectos físicos, psicolóxicos e sociais.
B12	Intervir nos ámbitos de promoción, prevención, protección e recuperación da saúde.
B14	Incorporar os principios éticos e legais da profesión na práctica profesional así como integrar os aspectos sociais e comunitarios na toma de decisións.
C14	Coñecer e comprender os conceptos de exploración física, valoración, diagnóstico e pronóstico; as bases teóricas das valoracións, test e comprobacións funcionais, a avaliación científica da súa utilidade e efectividade, así como as etapas e recursos do proceso de intervención de fisioterapia
C15	Coñecer e comprender os aspectos xerais da patoloxía de etioloxía endóxena e exóxena relacionada coa fisioterapia de todos os aparatos e sistemas cos seus tratamentos médicos, cirúrxicos, fisioterapéuticos e ortopédicos
C22	Coñecer e comprender as teorías que sustentan a capacidade de resolución de problemas e o razoamento clínico
C35	Valorar o estado funcional do paciente/usuario, considerando os aspectos físicos, psicolóxicos e sociais
C38	Executar, dirixir e coordinar, o Plan de Intervención de Fisioterapia, atendendo ao principio da individualidade do usuario e utilizando as ferramentas terapéuticas propias da Fisioterapia, é dicir, o conxunto de métodos, procedementos, actuacións e técnicas que mediante a aplicación dos medios físicos: curan, recuperan, habilitan, rehabilitan, adaptan e readaptan ás persoas con deficiencias, limitacións funcionais, discapacidades e minusvalías; preveñen as enfermidades e promoven a saúde ás persoas que queren manter un nivel óptimo de saúde
C42	Intervir nos ámbitos de promoción da saúde e prevención da enfermidade
C45	Incorporar a investigación científica e a práctica baseada na evidencia como cultura profesional
C49	Afrontar o estrés, o que supón ter capacidade para controlarse a si mesmo e controlar a contorna en situacións de tensión
D1	Comunicación oral e escrita nas linguas cooficiais da Comunidade Autónoma.
D2	Capacidade de análise e síntese.
D3	Capacidade de organización e planificación.
D4	Capacidade de xestión da información
D5	Resolución de problemas
D6	Toma de decisións
D9	Compromiso ético
D11	Habilidades nas relacións interpersoais
D12	Razoamento crítico
D15	Aprendizaxe autónoma
D16	Motivación por a calidade.
D17	Adaptación a novas situacións

D23	Traballar con responsabilidade
D24	Manter unha actitude de aprendizaxe e mellora
D29	Axustarse aos límites da súa competencia profesional

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Posuír e comprender coñecementos da patoloxía médica e cirúrxica humanas para aplicalos ao uso da fisioterapia.	B1 B5 B12	C14 C15 C35 C38 C42	D2 D5 D6 D9 D23
Identificar e explicar a etioloxía e fisiopatoloxía das enfermidades neurolóxicas, neumolóxicas, cardiolóxicas e gastroenterolóxicas, e identificar as manifestacións que aparecen ao longo do proceso de enfermar.	B1 B5 B12	C14 C15 C22 C35 C38 C42 C45 C49	D1 D2 D4 D5 D6 D9 D12 D15 D16 D17 D23 D24
Valorar a saúde dun paciente en todos os seus aspectos.	B1 B5 B12 B14	C14 C15 C22 C35 C42 C49	D1 D2 D4 D5 D6 D9 D11 D12 D17 D23
Describir os tratamentos médico-cirúrxicos e de rehabilitación asociados ás enfermidades.	B1 B5 B12 B14	C14 C15 C22 C35 C38 C42 C45 C49	D1 D2 D4 D5 D6 D9 D12 D15 D16 D17 D23 D24 D29
Determinar a súa competencia profesional e os seus límites, e a necesidade do traballo en equipo.	B5 B12 B14	C15 C22 C35 C38 C49	D4 D5 D6 D9 D11 D12 D15 D16 D17 D23 D29
Explicar e xustificar a necesidade de fomentar a participación do usuario e a súa familia no seu proceso de recuperación.	B5 B12 B14	C22 C35 C42	D1 D3 D5 D9 D11 D16 D23

Contidos

Tema	
Neuroloxía	Función neurolóxica. Enfermidades da 1ª e 2ª neuronas motoras (motoneuronas superior e inferior). Enfermidades da unión neuromuscular e do músculo estriado. Enfermidades da coordinación motora (do movemento.). Enfermidades do sistema extrapiramidal; trastornos hipocinéticos e hipercinéticos. Enfermidades da sensibilidade; dor; patoloxía dos sistemas sensoriais. Enfermidades do Sistema Nervioso Autónomo. Enfermidades da médula espinal. Enfermidades do Sistema Nervioso Periférico. Enfermidades da cortiza cerebral. Enfermidades do estado de conciencia. Enfermidades do líquido cefalorraquídeo e das meninxes. Enfermidades neurovasculares; hipertensión intracraneal.
Neumoloxía	Función respiratoria. Insuficiencia respiratoria. Enfermidades do parénquima pulmonar, da pleura e do mediastino. Enfermidades da circulación pulmonar; hipertensión pulmonar; edema pulmonar.
Cardioloxía e Anxioloxía	Función cardiocirculatoria. Insuficiencia cardíaca; shock. Valvulopatías. Arritmias cardíacas. Aterosclerosis; isquemia miocárdica. Enfermidades do pericardio. Enfermidades da presión arterial. Enfermidades vasculares periféricas: arteriais, venosas e linfáticas.
Gastroenteroloxía	Función dixestiva. Enfermidades do esófago. Enfermidades gastroduodenais. Enfermidades intestinais. Enfermidades do fígado e das vías biliares. Enfermidades do páncreas. Enfermidades vasculares dixestivas. Enfermidades do peritoneo.
Dermatoloxía	Patoloxía dermatolóxica frecuente.
SEMINARIOS	1º: Exploración dos pares craneais, 2º: Exploración dos reflexos.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Seminario	8	16	24
Lección maxistral	39	85	124
Probas de tipo test	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia.
Seminario	Actividades enfocadas ao traballo sobre un tema específico, que permiten afondar ou complementar os contidos da materia. Empregaranse como complemento das clases teóricas.
Lección maxistral	Exposición dos contidos sobre a materia obxecto de estudo. Serán participativas e utilizarase a consulta didáctica, debate, estudo de casos e estratexias de resolución de problemas. Seguindo o Proceso de Bolonia, a aprendizaxe estará cada vez máis baseada no estudiantado e na súa aprendizaxe activa e participativa.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	Organización social do traballo do alumnado: Para o desenvolvemento da docencia faranse grupos: * Grupo A ou grupo grande (hai 1): clases teóricas e exposicións de traballos na aula. * Grupo B ou grupo mediano (hai 3): seminarios. * Individual: exame. // Titorías: Poden realizarse en grupo ou de xeito individualizado, de cara á orientación e asesoramento académico, profesional e persoal. Lévanse a cabo no horario establecido no documento das titorías e no despacho do profesorado da materia, sendo de 6 horas á semana. Tamén poden realizarse por correo electrónico ao enderezo electrónico do profesorado indicando no asunto: TITORÍAS, ou a través da FaiTIC.
Actividades introdutorias	O alumnado ten que se dar de alta no Servizo de Teledocencia: FaiTIC (plataforma TEMA), cubrir a ficha virtual: aportando os seus datos e unha foto, e participar nas actividades que se fan a través del, para o correcto seguimento da materia.
Seminario	Organización social do traballo do alumnado: Para o desenvolvemento da docencia faranse grupos: * Grupo A ou grupo grande (hai 1): clases teóricas e exposicións de traballos na aula. * Grupo B ou grupo mediano (hai 3): seminarios. // Titorías: Poden realizarse en grupo ou de xeito individualizado, de cara á orientación e asesoramento académico, profesional e persoal. Lévanse a cabo no horario establecido no documento das titorías e no despacho do profesorado da materia, sendo de 6 horas á semana. Tamén poden realizarse por correo electrónico ao enderezo electrónico do profesorado indicando no asunto: TITORÍAS, ou a través da FaiTIC.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Seminario	A asistencia aos seminarios é obrigatoria. Realizarase unha observación sistemática do alumnado para recoller datos sobre a súa participación no desenvolvemento deles.	10	B1 B5 B12 B14	C14 C15 C22 C35 C42 C45 C49	D1 D2 D3 D4 D5 D6 D9 D11 D12 D15 D17 D23 D24 D29
Lección maxistral	Haberá un exame final da materia, unha proba tipo test de resposta única. Cada pregunta ben respondida contará 1 punto; as deixadas en branco non descontarán puntuación, pero as que teñan a resposta equivocada si, segundo a fórmula: Cualificación = acertos - (erros / nº de opcións de resposta en cada pregunta).	90	B1 B5 B12	C14 C15 C35 C38 C42 C49	D1 D2 D3 D4 D5 D6 D12 D15 D16 D17

Outros comentarios sobre a Avaliación

Para poder presentarse ao exame, en calquera das dúas convocatorias, é obrigatorio asistir aos seminarios

Para aprobar a materia, e necesario superar as dúas partes (teórica e seminarios) independentemente. Se só se aproba unha das partes, consérvase ese aprobado dentro do mesmo curso académico (ata xullo), pero non dun curso aos seguintes.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

Rozman C, Cardellach F, (eds)., **Farreras & Rozman. Medicina Interna.**, 17ª ed. Barcelona: Elsevier;,

Kasper DL, Braunwald E, Fauci AS, Hauser SL, Longo DL, Jameson JL, (eds)., **Harrison. Principios de Medicina Interna.**, 16ª ed. México D.F.: McGraw-Hill / Interamericana;,

Goodman CC, Snyder TK., **Patología médica para fisioterapeutas.**, 3ª ed., 1ª reimp. Madrid: McGraw-Hill / Interamericana;,

Pérez Arellano, JL., **Sisinio de Castro. Manual de Patología General.**, 7ª ed. Barcelona: Elsevier Masson.,

Laso FJ., **Introducción a la Medicina Clínica. Fisiopatología y semiología.**, 2ª ed. Barcelona: Elsevier / Masson;,

Blanco FJ, Carreira P, Martín E, Mulero J, Navarro F, Olivé A, Tornero J., **Sociedad Española de Reumatología. Manual SER de las Enfermedades Reumáticas.**, 4ª ed. Madrid: Panamericana;,

Barberà JA, Peces-Barba G, Agustí AGN, Izquierdo JL, Monsó E, Montemayor T, Viejo JL, Grupo de traba, **Normativa SEPAR. Guía clínica para el diagnóstico y tratamiento de la enfermedad pulmonar obstructiva crónica.**, Arch Bronconeumol. 2001; 37 (6): 297- 316. [Acceso 1 septiembre 2012].,

Mandell GL, Bennett JE, Dolin R., **Mandell, Douglas and Bennett's. Principles and Practice of Infectious Diseases.**, 6ª ed. Philadelphia (USA): Elsevier;,

Feldman M, Friedman LS, Sleisenger MH., **Sleisenger & Fordtran. Enfermedades gastrointestinales y hepáticas. Fisiopatología, diagnóstico y tratamiento.**, 7ª ed. Buenos Aires: Médica Panamericana;,

Victor M, Ropper AH, (eds)., **Adams y Victor. Principios de Neurología.**, 2ª ed. México D.F.: McGraw-Hill / Interamericana;,

Seco J. [Dir.],, **Afecciones Médico-Quirúrgicas para Fisioterapeutas. Serie Sistema Músculo-Esquelético.**, Volumen III. , Madrid. Ed. Panamericana;,

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Farmacoloxía/P05G170V01908

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Afeccións medicocirúrxicas/P05G170V01201
Anatomía humana: Anatomía humana/P05G170V01101
Fisioloxía: Fisioloxía humana/P05G170V01103